Federación Galega de Natación
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 – A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

II Campionato Galego De Augas Abertas

Tempada 2017/18

Organizan: Club Natación Ponteareas - FEGAN

Sábado 26 de maio de 2018

Horario

• 08:00 horas

Montaxe do circuíto e comezo de recoñecemento do mesmo por parte dos nadadores que o desexen.

• 08:30 horas

Reunión técnica de competición.

Comezo de entrega de gorros e chips aos participantes de todas as categorías.

Entregaranse os gorros e chips até 15 minutos antes do comezo de cada categoría.

• 09:30 horas

Comezo competición categoría Máster. 2500 m.

Ao rematar todas as categorías máster entregaranse as medallas máster.

• 10:55 horas

Comezo competición categoría Alevín. 1250m

• 11:25 horas

Comezo competición categoría Infantil. 2500m

• 12:10 horas

Comezo competición categorías Júnior 1, Júnior 2 e Sénior. 5000 m.

• 13:30 horas

Entrega de medallas categorías Alevín, Infantil, Júnior 1, Júnior 2 e Sénior.

Entrega do trofeo ao campión/a galego absoluto.

Nota: O presente horario pode sufrir modificacións debido a climatoloxía, correntes do río, seguridade e decisións técnicas.

Circuíto

Realizaranse todas as probas sobre un circuíto de 1250 metros, a saída terá lugar desde a auga, á beira do embarcadoiro da Praia Fluvial da Freixa.

Os nadadores nadarán río arriba pola marxe dereita do río Tea, até unha boia situada a 625 metros e volverán ao punto de partida pola marxe esquerda do río, deixando as boias sempre á man esquerda.

Programa de probas

O programa de probas será o seguinte:

1.- 2500 m Máster (todas as categorías). Darán 2 voltas ao circuíto.

2.- 1250 m Masculino e Feminino Alevín. Darán 1 volta ao circuíto.

3.- 2500 m Masculino e Feminino Infantil. Darán 2 voltas ao circuíto.

4.- 5000 m Masculino e Feminino Júnior-1. Darán 4 voltas ao circuíto.

5.- 5000 m Masculino e Feminino Júnior-2. Darán 4 voltas ao circuíto.

6.- 5000 m Masculino e Feminino Absoluto. Darán 4 voltas ao circuíto.

Saídas

Haberá 4 saídas:

1ª Categoría Máster (todas as categorías xuntas).

2ª Categoría Alevín.

3ª Categoría Infantil.

4ª Categorías Júnior 1, Júnior 2 e Sénior.

Reunión técnica

Técnicos e Nadadores:

15 minutos antes do inicio de cada proba, realizarase unha reunión técnica.

Punto de encontro: Cámara de saídas

En todas reunións ultimaranse os aspectos técnicos relacionados con cada unha das probas.

Marcaxe e numero de competidor/a

Realizarase na zona adicada para iso pola organización.

O dorsal levarase no gorro, o cal deberá ir colocado ao lado dereito da cabeza do nadador/a.

Antes da entrega de dorsais realizarase por parte do xurado da competición a comprobación de uñas de mans e pés así como a utilización de reloxos e xoias segundo o establecido nas normativas da RFEN.

Cámara de saídas

O/a nadador/a deberá agardar na cámara de saídas até que se realice a presentación e acceder á zona de saída da proba.

Saídas

Para todas as probas, as saídas realizaranse desde dentro da auga na zona destinada para tal efecto.

Accederase desde a cámara de saídas DOUS minutos antes de efectuarse a saída en cada unha das probas.

Durante os 5 minutos previos á saída haberá avisos por megafonía cada minuto.

Cronometraxe

Realizarase co sistema de cronometraxe microchip.

A entrega do microchip realizásese coa entrega do dorsal nos horarios estipulados para iso no horario da competición.

Tempo límite

Será o estipulado no regulamento da RFEN, despois da chegada do primeiro grupo de nadadores de cada categoría masculino e feminino respectivamente.

Cerimonia de entrega de medallas e trofeos

Realizarase segundo o establecido no programa do Campionato.

Os/as delegados/as, adestradores/as, nadadores/as deberán estar moi atentos á chamada por megafonía onde se avisará aos medallistas e o máis axiña posible os/as nadadores/as deberán acudir ao lugar indicado (cámara de recompensas).

Realizarase unicamente dúas chamadas de aviso aos/as medallistas, e iniciarase a entrega aínda que falten nadadores/as no momento de efectualas, podendo retirar os premios que non se entregaron, na mesa de secretaría de competición unha vez celebrada a cerimonia oficial.

No caso de sufrir variacións nas cerimonias de entrega de medallas e trofeos, indicaranse oportunamente.

Control e dirección de competición

Director de Competición:	Francisco Barral Tripoli
Coordinador e entrega de premios:	Ramón Mosquera Niebla
Edición de Resultados:	Sandra Bolaño Pedreira
Cronometraxe electrónica por microchip:	Prueba T
Organización e loxística:	Andrés Carrera Costas